



Usnea rubicunda Stirt.

O xénero *Usnea* pódese diferenciar doutros xéneros de talo fruticuloso de cor verdoso por ter as poliñas ou lacineas arredondadas (foto 2) cun cordón axial interno (fotos 5, 6).

O difícil é diferenciar as especies entre si. Viven preferentemente nos troncos e nas polas das árbores (fotos 1, 3, 4) e son boas indicadoras de ambientes limpos ou pouco contaminados.

Usnea rubicunda, cun talo de entre 3 e 5 cm de longo pero que pode chegar ata os 15, caracterízase por ter unha tonalidade alaranxada ou avermellada sobre todo na base do talo (fotos 4, 5), ás veces moi tenue (fotos 1, 2, 3) e vai intensificándose a medida que o talo envellece. Nas fotos 1, 3 e 4 vese acompañada doutras especies de *Usnea* de cor verde e de aspecto similar entre si, cuxa identificación de visu resulta bastante difícil e complicada.

Con frecuencia sen apotécios.

Fotobionte: alga verde tipo clorococcoide.

Reaccións: Medula K+ amarelo ou vermello, P+ laranxa.